

D<sup>a</sup> CATALINA ECHEVARRÍA BUADES, SECRETARIA DO CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA).

CERTIFICADO:

QUE A XGL DESTE CONCELLO E CO DATA 13 DE XANEIRO DO 2020 ADOPTOU O SEGUINTE ACORDO:

**.- BASES VENRES DE FOLIADA 2020**

A xunta de Goberno Local, órgano competente ao efecto aproba por unanimidade as ss

BASES VENRES DE FOLIADA 2020

**ARTIGO 1. ORGANIZACIÓN.**

O Concello de Tomiño organizador do desfile de comparsas “Venres de Foliada” do ano 2020, abrirá o prazo de inscrición das comparsas dende o día 28 de xaneiro ao 04 de febreiro,ambolos dous inclusive.

O desfile terá lugar o venres 21 de febreiro ás 21:30 h. En caso de choiva realizarase o venres 28 de febreiro á mesma hora. En caso de que as condicións meteorolóxicas non permitan a realización nestas datas será a Concellería de Cultura a que determinará o aprazamento ou cancelación dos actos.

**ARTIGO 2. SOLICITUDE DE INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.**

As inscricións deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello, (será obrigatorio a presentación a través da sede electrónica para as asociacións), ubicado na seguinte URL: <https://tomino.sedelectronica.gal/dossier.1>.

A documentación requirida para a inscrición é a seguinte:

- Certificado de titularidade da conta da persoa representante ou da comparsa.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil

**ARTIGO 3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.**

- A participación está aberta a todas as asociacións veciñais, culturais, xuvenís, grupos, colexios, etc. que presenten comparsa ou grupo.
- Terán preferencia para participar as comparsas ou grupos do Concello de Tomiño.
- As comparsas deberán estar formadas por un mínimo de 15 compoñentes.
- O número máximo de comparsas inscritas será de 20.
- Presentar unha breve descrición da comparsa
- As carrozas participantes no desfile non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza do tractor: longo: 8,00 m. , ancho: 3,50 m. e alto: 4,50 m.
- Non serán admitidas as comparsas con cabalos.
- A participación implica a aceptación das presentes bases



- As cuestións, dúbidas, interpretación ou imprevistos que xurdan no desenvolvemento deste desfile serán resoltas pola Concellería de Cultura.

#### ARTIGO 4. COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN.

A Comisión Técnica de Avaliación estará formada por:

Presidente: Alcaldesa do Concello de Tomiño, ou persoa en quen delegue.

Vogais: Concelleira de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística, Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Educación, Concelleira da Eurocidade, Mocidade e Participación Infantil e Técnico/a de Cultura ou persoa que a substitúa.

#### ARTIGO 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

No caso de que se presenten un número superior ás 20 comparsas e atendendo os requisitos de participación, a Comisión Técnica de Avaliación terá en conta os seguintes criterios para a aceptación das comparsas (máximo de 30 puntos):

1. Comparsas ou grupos do Concello de Tomiño (10 puntos).
2. Puntuación por compoñentes e participación de carroza (máximo de 10 puntos):
  - o Comparsas de 15 a 30 compoñentes e sen carroza: 2 puntos.
  - o Comparsas de 31 a 45 compoñentes e sen carroza: 3 puntos.
  - o Comparsas de 46 ou máis compoñentes e sen carroza: 4 puntos.
  - o Comparsas de 15 a 40 compoñentes e con carroza: 4 puntos.
  - o Comparsas de 41 a 60 compoñentes e con carroza: 6 puntos.
  - o Comparsas de 61 a 80 compoñentes e con carroza: 8 puntos.
  - o Comparsas de 81 ou máis compoñentes e con carroza: 10 puntos.
3. Puntuación pola descrición da comparsa, atendendo a súa temática, orixinalidade, posta en escena, iluminación e son, valores sociais e/ou culturais... ( máximo de 10 puntos)

#### ARTIGO 6. RESOLUCIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS.

A Comisión Técnica analizará e avaliará as propostas tendo en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 5 das presentes bases.

A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva realizada pola Comisión Técnica, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterà, coa relación de solicitantes e puntuación acadada, as comparsas ordenadas de maior a menor puntuación, sendo as 20 primeiras aceptadas para participar no “Venres de Foliada 2020”.

En todo caso procederase a ditar resolución de outorgamento de participación no prazo máximo dunha semana a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

A resolución que se adopte pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ou directamente recurso ante o xulgado do contencioso administrativo.

#### ARTIGO 7. COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS.

A compensación económica para as comparsas participantes será a seguinte:

- o Comparsas de 15 a 30 compoñentes e sen carroza: 100,00 €



- o Comparsas de 31 a 45 compoñentes e sen carroza: 150,00 €
- o Comparsas de 46 ou máis compoñentes e sen carroza: 200,00 €
- o Comparsas de 15 a 40 compoñentes e con carroza: 200,00 €
- Comparsas de 41 a 60 compoñentes e con carroza: 300,00 €
- Comparsas de 61 a 80 compoñentes e con carroza: 400,00 €
- Comparsas de 81 ou máis compoñentes e con carroza: 500,00 €

O pago das compensacións económicas realizaranse mediante transferencia bancaria, previa presentación da factura correspondente (presentando certificación, se é o caso, da exención do IVE). Nos demais casos, as compensacións económicas estarán suxeitas as retencións que correspondan por normativa fiscal.

O prazo de presentación da factura será de 1 mes dende a celebración da festa.

#### ARTIGO 8. ORDE DE SAÍDA.

O número de orde das comparsas no desfile será por rigoroso orde de chegada ao lugar de saída (RÚA AO LADO DO COLEXIO PEDRO CASELLE

E para que así conste aos efectos que sexan pertinentes expido a presente certificación co visto e prace da Sra Alcaldesa Sandra González Álvarez na data que figura na correspondente sinatura electrónica

Vº E PRACE A ALCALDESA

ASDO SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

